

# BANDO

## APERTURA EXTRAORDINARIA DE PRAZO MATRICULACIÓN PARA A QUENDA DE TARDE, NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

**Período de solicitudes: dende o 9 ao 20 de setembro**

A presente convocatoria ten por obxecto abrir un prazo extraordinario de matriculación na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2019/2020, **exclusivamente na quenda de tarde.**

Poderase solicitar praza para as nenas e nenos con idade entre 3 meses e os 3 anos, é dicir, os nados a partir do 1 de xaneiro de 2017.

A Escola Infantil Municipal de Ponteareas é unha escola de integración, podendo solicitar praza as/os nenos con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Neste suposto poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia un ano máis, fóra dos límites de idade.

**Os impresos de solicitude pódense recoller na Escola Infantil Municipal, de 10 a 13 horas, ou na páxina web do Concello. Serán entregados no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cubertos, en horario de 9 a 13 horas de luns a venres, achegando a documentación solicitada.**

**O prazo extraordinario de presentación de solicitudes será dende o 9 ao 20 de setembro, ambos os dous incluídos.**

No caso de falta de documentación ou defecto da aportada, outorgaráselle para a súa corrección, un prazo máximo de 5 días para a presentación dos documentos pendentes.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección, aplicando os baremos establecidos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Ponteareas, 4 de setembro de 2019

O ALCALDE

Xosé Represas Giráldez